

SETEMBRO

SAN MATEO

Celébrase o 21 de setembro. É o patrón das persoas que non poden oír ben, que teñen problemas auditivos. A xente vai a pé a un santuario nunha pequena aldea, situada a 4 km de Monforte. No pasado, a xente acostumaba a ir á igrexa para pedirlle ao Santo protección para os seus oídos.



Hoxe en día as persoas constrúen chouzas provisionais cun teito de lona de plástico. Algúns mozos mesmo dormen nestes pendellos. Levan un montón de comida e bebida para pasar o día enteiro nestes campos, preto do río.



Teñen que cociñar ou levan o seu propio xantar, visitan á xente doutras cabañas, bailan, ... e algúns deles chegan a beber demasiado. Algunhas persoas báñanse no río para pasar un tempo agradable. Moita xente come polbo nas súas tendas, un manxar, sen dúbida, exquisito para nós.



A VENDIMA

É a colleita de uvas para facer viño. Nós atopámonos nunha zona famoso polo seu viño chamada Ribeira Sacra.



A xente leva recollendo uvas dende o tempo dos romanos na Ribeira Sacra. A xente colleita as uvas, elabora o viño e posteriormente realiza unha festa coas xentes que axudaron nos traballos.



Moitos recollen uvas para vendérllelas a outras persoas.

Normalmente lévase a cabo en setembro, pero dependendo do tempo, recóllense antes, ou despois.



Romería de Nosa Señora da Barca. (Muxía)

É unha festividade importante considerada de Interés Turístico Nacional. Miles de persoas van a esta vila, situada na "Costa da Morte" para repetir un ritual, que se realiza cada ano para venerar á Virxe en torno a unha rocha onde se pensa que se lle apareceu a Santiago Apóstol. Segundo esta crenza, a Virxe chegou nun barco pedra antigo. Esta rocha é o que queda da embarcación, e a xente arrástrase para pasar por debaixo dela para mellorar a súa saúde, especialmente para endereitar a columna.



Virxe de Guadalupe. Rianxo (A Coruña)

En Rianxo, unha pequena cidade situada xunto ao Océano Atlántico, conmemórase cada 8 de setembro unha tradición que posúe máis de 150 anos de historia. Realízase unha procesión de barcos, un deles levando a imaxe da Virxe. As persoas rézanlle á Virxe ata a súa chegada á Igrexa. Hai unha canción galega moi famosa en honra desta Virxe.